



## Ataque Escampe lanza este martes 25 o vídeo de *A cociña práctica*, cuarto sinxelo de *Cabalgata* e tema no que colabora Antía Ameixeiras

A peza, asinada por David Silva e protagonizado pola propia Ameixeiras, a actriz Paku Granxa e o membro do grupo Lois Carlín, mestura a estética bucólica coa parodia dos programas de cociña

A presentación ao vivo de *Cabalgata* será este sábado 29 na Sala Capitol, nun concerto que abrirá un combinado de membros da Banda de Lalín; e, ao remate, a Sala Sónar acollerá unha festa posconcerto con pinchadas das djs Pídechas o Corpo e do propio grupo



Antía Ameixeiras no vídeo de *A cociña práctica*, novo sinxelo de Ataque Escampe © David Silva

**Santiago de Compostela, 24 de abril de 2023.-** Ataque Escampe estreará mañá, martes 25, a peza audiovisual que acompaña *A cociña práctica*, tema no que colabora a violinista e vocalista **Antía Ameixeiras**, e que se presenta como o cuarto sinxelo do recién estreado LP *Cabalgata*. O vídeo poderase visualizar a partir das 10.30 horas na canle de Youtube da banda compostelá.

“Temos perto o forno, que máis dá / vemos medrar o queique de masa nai”. A letra de *A cociña práctica* xoga en varios puntos coas imaxes gastronómicas para tratar, tal vez, **os diversos xeitos de entender as relacións**. E esa diversidade déixase ver tamén na imaxinación posta nos arranxos dun



tema que busca ir máis aló do tradicional dueto home-muller, incluíndo sorpresas como **referencias a Los Chichos ou Ace of Base**, un solo de saxo final nos límites do kitsch e unha receita de filloas explicada por **Delfina Sánchez** (avoa do batería Cibrán Tenreiro).

**Antía Ameixeiras**, membro do dúo de música de raíz **Caamaño&Ameixeiras** (Premio Martín Códax na categoría de Folk) e exintegrante de Oíma ou Luar na Lubre, achégase aquí como cantante a un rexistro máis pop -ao igual que no tema *Supermartes*- e dá pé a **unha das colaboracións máis destacadas na traxectoria de Ataque Escampe**. Ela é, tamén, unha das protagonistas do vídeo musical da canción. Dirixido por David Silva, o clip é igualmente unha sucesión de sorpresas. Rodado en Lanzós (Vilalba), parte dunha estética bucólica que pode lembrar algún dos filmes de Sofia Coppola para acabar integrando imaxes como a de Antía Ameixeiras cunha motoserra e un programa de cociña que remite, nun ton algo desquiciado, aos formatos da televisión matinal. A actriz Paku Granxa (*Cuñados, Saudade de ti*) interpreta a presentadora e o baixista de Ataque Escampe, Lois Carlín, o cociñeiro.

### **Presentación ao vivo de Cabalgata na Sala Capitol**

O sábado 29 Ataque Escampe actuará na Sala Capitol compostelá para presentar *Cabalgata*. O grupo interpretará tanto os temas deste álbum como unha selección do seu repertorio anterior, no que supón o **seu regreso aos escenarios da súa cidade despois de catro anos**. Acompañaraos unha selección de membros da **Banda de Lalín**, que abrirá o concerto achegando a tradición das bandas de música a un contexto pop. As entradas están á venda, a partir de 10 euros, na web de [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com); mentres na billeteira costarán 15 euros. Ao remate da presentación, poderase seguir a festa nun **evento posconcerto**: a partir das 00:30 horas, na Sala Sónar pincharán as djs **Pídechas o corpo** Guateque Sessions e un set de membros de Ataque Escampe.

### **Cabalgata**

*Cabalgata* é o oitavo disco de Ataque Escampe. A banda compostelá volve amosarnos no seu novo LP, producido polo **Hevi**, o seu **universo creativo**, mantendo os seus trazos de identidade (como o coidado dunhas letras apoiadas no humor e a vulnerabilidade e o achegamento a estilos diversos) e achegando tamén numerosas novidades tanto na instrumentación -como a presenza de sintetizadores e, ocasionalmente, de saxo e bases electrónicas- como a nivel lírico.

O fío principal do disco é o **diálogo co pasado**, non como obxecto de nostalxia senón, en palabras do grupo, "como espazo inesgotable que nos interpela". De aí sae o intento de **explorar estilos musicais doutras épocas**, pero tamén temáticas que atravesan o álbum, como a infancia, os amores diferentes ou as amizades conservadas ou perdidas, simbolizadas nas letras polas diferentes imaxes de cabalos ás que fai referencia o título: a tenrura dos cabaliños de carrusel das festas, a ameaza dos policía montados ou a emotividade da relación cos animais.



### **Contacto de prensa Ataque Escampe**

The Office Comunicación

Lucía Pita - 675 404 321

lucia.pita@theofficeco.es

### **Descarga o kit de prensa de Ataque Escampe**

### **Management & Contratación**

Nave de Lata Cooperativa Cultural | Tremendo Audiovisual

Manuel Tarrío - 629 041 750

info@tremendoaudiovisual.com